
ACTA SELECCIÓN PROXECTOS ZONA C NA MODALIDADE 1 PROXECTOS DE CREACIÓN
ARTÍSTICA E MODALIDADE 2 PROXECTOS DE COMISARIADO

En Santiago de Compostela, xoves 4 de xullo de 2024 ás 10.00 horas reúnense os servizos técnicos do Auditorio de Galicia: Xaquín López González, director-xerente, Silvia Modia Ferreiro, subdirectora e M^a Jesús Busto Castiñeirás, responsable de exposicións e actividade cultural como integrantes da comisión para a selección de proxectos de intervención para a Zona C nas Modalidades 1 e 2, de creación artística e de comisariado.

Modalidade 1 proxectos de creación artística

Despois do estudo dos nove traballos presentados, as persoas integrantes da comisión fan constar a alta calidade dos proxectos e deciden por unanimidade a selección das / dos seguintes artistas, que obteñen as puntuacións máis altas segundo a aplicación dos criterios que rexen a chamada á presentación de proxectos:

- Nerea Cordeiro coa intervención 'Sobre debuxar, fiar e habitar'
- Cillas Rodríguez coa intervención 'Cuarto'
- Ana Moure Rosende coa intervención 'Acumulación dun presente moi pasado'

Por ser creadoras de proxectos que conectan coas correntes actuais fomentando o debate e a reflexión crítica, pola solidez formal e conceptual de cada intervención e abordar temas que abranguen novas revisións sobre habitar as cidades, a arquitectura, as posibilidades de converxencia entre debuxo e escultura ou sobre as problemáticas específicas da turistificación dende un plano xeral até poñer o foco no máis próximo, habitar Compostela; por encarar a creación a partir de rastros nunha ficción xeolóxica que indaga como as áreas periféricas das cidades se enchen de vertedoiros activando un dispositivo que afonda nas relacións afectivas cara aos obxectos e a materia. Valórase, así mesmo, a adaptación espacial e a viabilidade orzamentaria sen esquecer a capacidade de conectarse con públicos diversos a través da arte contemporánea.

Modalidade 2 proxectos de comisariado

Despois do estudo dos catro proxectos de comisariado presentados as persoas que conforman a comisión fan constar a súa alta calidade decidindo por unanimidade a selección do seguinte traballo curadorial que obtén a puntuación máis alta segundo a aplicación dos criterios que rexen a chamada á presentación de proxectos:

- Sergio Meijide Casas co proxecto curadorial 'Beltenebros: obxectos coreográficos' con Javier Martín.

Por ser un proxecto curadorial e de investigación transversal que reflexiona sobre as complexas relacións entre arte, corpo e pensamento propiciando a achega dos públicos aos contidos e as formas que habitan a creación artística contemporánea dende unha perspectiva diferente, abordando a creación escénica segundo o formato expositivo que expande en cada un dos catro espazos da Zona C e activando e enriquecendo o período expositivo con actividades e conversas. Valórase, así mesmo, a viabilidade orzamentaria.

As puntuacións resultantes quedan anexas a esta acta.

Sen máis asuntos que tratar, levantamos acta da sesión co visto bo das persoas que conforman a comisión



Compostela
Cultura

MODALIDADE 1 CREACIÓN ARTÍSTICA	TÍTULO	PUNTOS
Nerea Cordeiro	Sobre debuxar, fiar e habitar	100
Cillas Rodríguez	Cuarto	95
Ana Moure Rosende. Colectivo La Cuarta Piel	Acumulación dun presente moi pasado	90
Ventura Alejandro Pérez Suárez	Conto Atlántico de media noite	85
Andrea Davila Rubio	Sen título	80
Maruxa Alonso Gago	Sen título	75
Teresa Búa	2 anos. 106 días. 2 horas. 3 minutos	60
Marina Álvarez e Eva Agra. As paxaras	Simbionth	60
Sergio Marey	Rois	55
MODALIDADE 2 COMISARIADO		
Sergio Meijide Casas	Beltenebros: obxectos coreográficos	100
Alexandra R. Rey	Microtopias do cotiá: unha viaxe introspectiva e arquitectónica da identidade colectiva	75
Carlos Fer	Ao Caer	70
Uxía Pérez e Iría Ramos	Restos e despojos; formas impecables	70
Andrés Sanjurjo García		0

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org


AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela


CONCELLO DE
SANTIAGO